

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CBTCP12	Tapizaría e cortinaxe	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3101	Confección de artigos téxtiles para decoración	2023/2024	6	204	204

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ISABEL IGLESIAS VILLAMEL
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O perfil profesional da FP Básica, dentro do sector produtivo da tapizaría, evoluciona cara a preparar a persoas que exerzan a súa actividade de xeito autónomo ou por conta allea, en talleres de confección de artigos para o fogar, cortinas ou tapizarias.

A evolución do mercado ten tendencia a producir artigos con gran valor engadido. Os futuros traballadores teñen que ter a capacidade de adaptarse ao manexo de máquinas e equipamentos de produción non só de téxtiles para o fogar e a confección senón tamén de téxtiles técnicos.

A tendencia cara un uso máis racional dos bens de consumo impulsan o seu arranxo e a súa adaptación para un segundo uso antes de se desfacer deles. Isto propiciou a creación de tendas de proximidade nas que a clientela pode solicitar composturas e adaptacións, e retapizados de mobles. Por todo isto, forxouse un novo nicho de emprego para este sector, onde se pode inserir este perfil profesional adecuadamente.

Polo tanto os postos de traballo que doden desenvolver os alumnos que cursen FP básica de Tapizaría e cortinaxe son os seguintes:

Tapiceiro/a de mobles.

Tapiceiro/a artesanal.

Tapiceiro/a de decoración auxiliar.

Tapiceiro/a de vehículos.

Enteador/ora.

Reparador/ora de toldos.

Operador/ora de máquinas industriais de coser e bordar.

Montador/ora de cortinaxes e de estores

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Máquinas, equipos e ferramentas.	Preparación e mantemento dos equipos.	20	10
2	Corte e patronaxe de materiais téxtiles.	Corte de materiais téxtiles tendo en conta as características dos artigos.	50	30
3	Ensamblaxe e acabado de artigos confeccionados.	Operacións de ensamblaxe e acabado de diferentes artigos.	100	40
4	Elementos téxtiles na decoración e na roupa do fogar. Estética e decoración.	descrición dos diferentes artigos téxtiles de decoración e roupa do fogar. Estilos na decoración e criterios estético.	24	10
5	Orzamentos de artigos de decoración e emprendemento.	Cálculo de custos de artigos	10	10

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Máquinas, equipos e ferramentas.	20

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara máquinas, equipamentos, ferramentas e accesorios para a confección de complementos de decoración, tendo en conta a relación entre as variables seleccionadas e as características do artigo que cumpra tratar	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse e clasifícanse os equipamentos e as ferramentas en función das súas prestacións no proceso de confección
CA2.2 Realizáronse operacións de montaxe e desmontaxe asociadas a cambios de formatos
CA2.3 Realizouse a lubricación, a limpeza e o mantemento de primeiro nivel dos equipamentos e das ferramentas
CA2.4 Levouse a cabo o axuste e o reaxuste dos equipamentos e das ferramentas en función da operación que cumpra executar e do material que haxa que empregar
CA2.5 Determináronse os elementos funxibles dos equipamentos e ensaiouse a súa montaxe e a súa desmontaxe
CA2.6 Reaxustáronse os parámetros das operacións de proba
CA2.7 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais nas operacións de preparación de máquinas e ferramentas
CA2.8 Mantivéronse a área de traballo en condicións de orde, limpeza e seguridade
CA2.9 Empregáronse os equipamentos de protección individual

4.1.e) Contidos

Contidos
Tipos de máquinas, utensilios e accesorios utilizados na confección de téxtil fogar.
Funcionalidade de máquinas, utensilios e accesorios no proceso produtivo.
Procedementos de uso das máquinas, os utensilios e os accesorios. Criterios e condicións de seguridade no proceso produtivo.
Partes funxibles e axustables da maquinaria.
Operacións de axuste da maquinaria en función da súa funcionalidade.
Operacións de mantemento de primeiro nivel.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Corte e patronaxe de materiais téxtiles.	50

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora orzamentos e facturas, e xustifícaos en función do material empregado e da dificultade asociada ao proceso	NO
RA4 - Corta o material téxtil, tendo en conta a relación entre o trazado do corte e as características do produto final	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.4 Definíronse marxes de costura e desafoxos
CA1.5 Optimizouse o cálculo da cantidade de material
CA4.1 Selecionouse o material de acordo co artigo que cumpra confeccionar
CA4.2 Descríbense os procedementos de preparación de materiais (tecido exterior, entreferro, forros, etc.), controlando os parámetros implicados para evitar desviacións (textura, cor, debuxo, etc.)
CA4.3 Estendeuse o material en función dos seus condicionantes (sen dobras, coa tensión necesaria, aliñados e co sentido do fio e a dirección adecuados)
CA4.4 Trazáronse os patróns sobre o material, sinalando puntos de unión, os acabamentos de ourelas e os emprazamentos de adornos ou fornituras
CA4.5 Detectáronse anomalías ou defectos no material e valorouse a repercusión no proceso e produto
CA4.6 Actuouse fronte a pequenas continxencias, enumerando posibles alternativas e decidindo a máis oportuna
CA4.7 Verificouse a calidade dos compoñentes cortados e corríronse as anomalías detectadas
CA4.8 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais nas operacións de corte con máquinas
CA4.9 Empregáronse os equipamentos de protección individual

4.2.e) Contidos

Contidos
0Patróns segundo o produto.
Medidas de prevención de riscos laborais nas operacións de corte con máquinas.
Equipamentos de protección individual.
Procedementos de preparación dos materiais.
Estendemento do material.
Trazado de patróns: alternativas a pequenas continxencias; técnicas e procedementos de corte dos materiais; especificacións de prevención de riscos laborais nas operacións de corte; comprobación do acabado.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Ensamblaxe e acabado de artigos confeccionados.	100

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Une, á man ou con máquina, pezas para coxíns, fundas e/ou outros accesorios de decoración, tendo en conta a relación entre as técnicas de unión e as características do produto final	SI
RA6 - Realiza os acabamentos, seleccionando os procedementos en función da calidade e da presentación prevista de coxíns, fundas e/ou accesorios	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Clasifícanse e descríbense os sistemas de ensamblaxe en función do tipo de unión, os medios e os materiais
CA5.2 Leváronse a cabo as operacións de preparación para a ensamblaxe de acordo con criterios estéticos e de seguridade
CA5.3 Verifícase a exactitude da forma, a aparencia e a colocación de adornos e fomituras
CA5.4 Executáronse operacións de ensamblaxe aplicando métodos e técnicas apropiados a cada tipo de unión (acabamento de ourelos, plisado, de cerramento, etc.)
CA5.5 Aplicáronse técnicas de acolchamento
CA5.6 Verifícase a calidade dos compoñentes ensamblados ou do artigo
CA5.7 Corrixíronse as anomalías ou os defectos solucionables
CA5.8 Identifícanse os riscos primarios e as medidas preventivas asociadas
CA5.9 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais requiridas
CA5.10 Empregáronse os equipamentos de protección individual
CA6.1 Descríbense os procedementos de acabamentos de confección de distintos materiais
CA6.2 Realizáronse operacións de acabamentos intermedios e finais, seguindo criterios de seguridade e estética
CA6.3 Reducíronse mediante a pasada do ferro as anomalías detectadas (engurras, fíossobrantes, relevos, brillos, etc.), en función da forma do produto
CA6.4 Corrixíronse as anomalías ou os defectos solucionables no acabado
CA6.5 Incorporáronse etiquetas e elementos auxiliares e ornamentais de acordo co deseño final
CA6.6 Realizáronse bordados manuais ou con máquina
CA6.7 Propuxéronse ideas de confección e amosouse unha actitude creativa
CA6.8 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais e ambientais requiridas
CA6.9 Empregáronse os equipamentos de protección individual

Criterios de avaliación

CA6.10 Cubriuse a documentación asociada ao produto final

4.3.e) Contidos

Contidos

Descrición de sistemas de ensamblaxe.

Comprobación de formas e emprazamentos.

Técnicas e procedementos de ensamblaxe das pezas cortadas.
--

Técnicas de acolchamento.

Especificacións de prevención de riscos laborais nas operacións de unión á man ou con máquina.
--

Procedementos de acabado en confección.

Preparación de acabamentos.

Técnicas de pasada do ferro.

Alternativas a pequenas continxencias.
--

Técnicas de bordado á man e con máquina.
--

Especificacións de prevención de riscos laborais nas operacións de acabado.

Equipamentos de protección individual.
--

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Elementos téxtiles na decoración e na roupa do fogar. Estética e decoración.	24

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados da confección de artigos téxtiles para decoración	NO

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.2 Valorouse a importancia da iniciativa individual, da creatividade, da colaboración, da motivación e da formación no éxito na confección de artigos téxtiles para decoración
CA3.3 Recoñece os factores de risco inherentes á actividade emprendedora relacionada coa confección de artigos téxtiles para decoración
CA3.4 Recoñeceronse os diferentes estilos, tendencias, cor na decoración e na roupa do fogar, .

4.4.e) Contidos

Contidos
Coxíns, almofadas e almofadóns.
Relación entre cama e edredóns, e entre cama e colchas: formas e estilo.
Relación entre canapé e cubrecanapés: formas e estilo.
Relación entre faldrón e mesa: formas e estilo.
Tipos e características das cadeiras.
Relación entre cadeira e funda: formas e estilo.
Tipos e características de sofás e cadeiras de brazos.
Relación entre asento, respaldo, pousabrazos e fundas: formas e estilo.
Tipos e principais características de artigos téxtiles de decoración: coxíns, colchas, edredóns, cubrecanapés, faldróns e fundas.

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Orzamentos de artigos de decoración e emprendemento.	10

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Elabora orzamentos e facturas, e xustifícaaos en función do material empregado e da dificultade asociada ao proceso	NO
RA3 - Recoñece as capacidades asociadas á iniciativa emprendedora, identificando os requisitos derivados da confección de artigos téxtiles para decoración	NO

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Clasifícanse os artigos téxtiles segundo o seu uso a súa situación
CA1.2 Determináronse as dimensións dos artigos que se vaian confeccionar
CA1.3 Recoñecéronse os materiais e outros compoñentes que integran o conxunto do accesorio
CA1.6 Estimouse o tempo requirido no desenvolvemento do produto e sinaláronse as dificultades asociadas
CA1.7 Aplicóuselle a marxe comercial aos custos establecidos
CA1.8 Enumeráronse as obrigas fiscais asociadas ao orzamento e á factura
CA1.9 Empregáronse aplicacións informáticas na elaboración do orzamento e das facturas
CA3.1 Caracterizouse o perfil de persoa emprendedora e describíronse os requisitos e as actitudes necesarias para a confección de artigos téxtiles para decoración

4.5.e) Contidos

Contidos
Cálculo de materiais e de material residual.
Datos dun orzamento e dunha factura. Prazos de entrega, forma de pagamento e calidades.
Confección de orzamentos e facturas con aplicacións informáticas.
Impostos asociados. IVE.
A persoa emprendedora na confección de artigos téxtiles para decoración.
Iniciativa, creatividade, colaboración, motivación e formación na confección de artigos téxtiles para decoración.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora relacionada coa confección de artigos téxtiles para decoración.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

. MÍNIMOS EXIXIBLES:

Tras analizar a realidade da contorna do centro e as posibles saídas laborais do alumnado, considero unha serie de criterios de avaliación como claves na consecución das competencias establecidas no currículo. A superación dos mesmos é polo tanto imprescindible para a avaliación positiva deste módulo. Estes criterios de avaliación están sinalados cun SI no apartado mínimo exigible, para cada unidade didáctica, no apartado 4.d. e que se resumen a continuación:

- Poñer a punto máquinas e equipamentos.
- Manexar correctamente as máquinas e ferramentas que existen no taller.
- Débese saber seleccionar os diferentes tipos de materiais para a confección de accesorios para decoración.
- Débese sacar o patrón, preparar o corte e cortar, confeccionar e realizarlle os acabamentos básicos a artigos decorativos sinxelos.
- Débense saber realizar puntadas á man grupo 200 (normas UNE)
- débese saber ensamblar pezas incorporando elementos ornamentais e realizar acabamentos a man ou máquina buscando criterios estéticos.
- Débese saber elaborar orzamentos sinxelos e xustificálos en función do material empregado as dificultade do proceso, o tempo de traballo, o marxe comercial e os diferentes impostos.
- Débense cumprir as normas de prevención de riscos laborais nas operacións de unión á man ou con máquina, corte, ensamblaxe, acabados.

2. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

A avaliación realizarase ó longo de todo o proceso formativo do alumnado, polo que ten un carácter continuo.

A nota de cada unha das avaliacións parciais virá dada pola suma das puntuacións ponderadas acadadas en cada unha das actividades calificables. A puntuación será de 1 a 10, sendo aprobado a partir dos 5 puntos. Para que sexa positiva, terán que ser superados tódolos CA asignados como mínimos exigibles. No caso contrario, non se superará a avaliación, obtendo como máximo un 4, e deberán recuperarse.

Os instrumentos empregados nas actividades calificables dentro de cada UD serán os indicados no apartado 4.c. asociados a cada un dos CA. E serán aplicados nas seguintes porcentaxes

1. Probas escritas 20% (exames ou traballos escritos)
2. Probas prácticas 80% (ejercicios de resolución práctica, empregando como instrumentos de avaliación: táboas de observación e listas de cotexo).

Aplicase o redondeo matemático a partir do decimal 5 para determinar a nota final de cada avaliación trimestral.

Para poder calcular a nota da avaliación, o alumnado terá que ter como mínimo a puntuación dun 4 en cada tarefa ou proba para poder aplicar as porcentaxes.

Se o alumno/a ten algunha tarefa pendente de entregar ou cunha puntuación inferior a 4, a calificación máxima será dun 4.

Todas as tarefas están deseñadas para ser realizadas na aula taller, o alumnado so poderá realizar ou rematar tarefas na casa cando sexan traballos escritos, en ningún momento poderán levar tarefas de natureza práctica para rematar na casa.

O alumnado que por acumulación de faltas de asistencia xustificadas, no teña todas as tarefas realizadas o termo de cada avaliación, terá dereito a realizar unha proba (teórica ou práctica, segundo corresponda) para avaliar os criterios de avaliación correspondentes ás tarefas non entregadas.

Ao termo do curso, a nota final do módulo será a media aritmética das tres avaliacións.

O alumnado que supere a terceira avaliación, ten que ter a mesma nota que na avaliación final de módulo.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

O alumnado que, o longo do curso, teña suspensa algunha avaliación parcial, terá dúas opcións de recuperación.

- Poderá recuperar a parte práctica de dita avaliación no momento que entregue as tarefas prácticas pendentes ou non superadas no trimestre

seguinte.

- Para recuperar as probas escritas, a profesora chegará a un acordo co grupo para determinar a data da proba de recuperación no trimestre seguinte.

Para o alumnado que teña este módulo suspenso logo de realizada a terceira avaliación parcial de módulos, destinarase un período de recuperación previo á avaliación final do módulo.

Neste período, estableceranse actividades de recuperación establecidas de xeito personalizado para cada alumno/a, atendendo os criterios de avaliación non superados marcados como mínimos esixibles. Estas actividades están recollidas nun informe individualizado de avaliación.

A cualificación farase efectiva na avaliación final de módulos na primeira semana de xuño.

Se un alumno/a ten algún módulo suspenso na avaliación final de módulos, terá opción de realizar unha proba extraordinaria de recuperación na última semana lectiva de xuño. Esta proba é igual para todo o alumnado e estará deseñada tendo en conta os contidos mínimos esixibles do módulo.

O alumnado que suspenda este módulo, non poderá promocionar a segundo curso xa que é un módulo profesional asociado a unidades de competencia e supera o 20% das horas semanais.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

A perda de dereito á avaliación continua nun determinado módulo non será de aplicación ao alumnado de ciclos de formación profesional básica en idade de escolarización obrigatoria (menor de 16 anos)

Se algún alumno ou algunha alumna superase os 16 anos terá dereito a unha proba extraordinaria na data estipulada polo centro educativo que constará de parte teórica e parte práctica.

Esta proba será deseñada atendendo os criterios de cualificación marcados como mínimos esixidos no apartado cinco de esta programación e constará de:

- a) proba teórica da materia impartida durante todo o módulo que representará o 20% da nota final.
- b) proba práctica da realización dalgún tipo de cortina ou estor que representará o 80% da nota final.

Para superar o módulo o alumno deberá ter a nota mínima dun 5 en cada unha das probas descritas.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O seguimento da programación farase a través desta plataforma, recollendo as incidencias que vaian aparecendo.

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

O grao de cumprimento da temporalización

O logro dos obxectivos programados

Os resultados académicos acadados

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestionarios periódicos pasados aos alumnos nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula e no taller, técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Tal e como se establece na lexislación vixente Orde de avaliación 12 de xullo de 2011 no seu artigo 28: "Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades e necesidades específicas. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente". Para facer esta valoración, o equipo docente basearase no "Cuestionario de motivación" inicial que deberá responder cada un dos alumnos e máis na observación que cada un dos profesores fixo os días previos á convocatoria de dita reunión e nos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.

O obxectivo do cuestionario /avaliación inicial será concretar en que nivel de coñecementos se atopa o grupo con relación ao módulo. Os indicadores deste cuestionario son: nivel de estudos realizados, interese na realización do módulo e outras características que se poidan deducir del.

A avaliación inicial permitirá coñecer todo o relacionado coa motivación do alumno, a actitude coa que se enfronta ao proceso de ensinanza aprendizaxe,

e os coñecementos que ten sobre a materia que se vai impartir. Para a súa aplicación empregaranse: Cuestionario de motivación inicial. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas.

Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades propondo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades terminais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

No caso en que non sexa posible que garantir a consecución efectiva os resultados da aprendizaxe, o equipo docente poderá propoñer a través do departamento de Orientación, a solicitude de flexibilidade horaria, tal e como establece a ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial, no seu artigo 15 .

De acordo co artigo 61 do Decreto 114/2010, do 1 de xullo, o alumnado con necesidades educativas especiais, consonte o establecido no artigo 73 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, poderá ser autorizado, cando as necesidades de apoio específico así o xustifiquen, para cursar os ciclos formativos en réxime ordinario de xeito fragmentado por módulos, cunha temporalización distinta á establecida con carácter xeral.

Se fose necesario, solicitarase asesoramento e colaboración do departamento de Orientación do centro, para levar a cabo algunha medida adicional.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

Os aspectos transversais relacionados co módulo son os seguintes:

Novas tecnoloxías, TIC, están incluídas nos recursos utilizados e serán de uso común.

Prevención de riscos e seguridade e hixiene no traballo, son conceptos que veñen recollidos nos propios criterios de avaliación do módulo.

Por tanto non só están incluídos como aspectos transversais senón que son avaliábeis.

Educación medioambiental. As materias primas que utilizamos, inciden directamente na calidade do medio ambiente. O uso de materias téxtis naturais o reciclaxe e a sustentabilidade estarán presentes intrínscamente pero tamén en forma de actividades específicas no desenvolvemento

do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

Estes conceptos, así como respecto aos compañeiros, profesores, talleres, e material de traballo traballaranse a través de diferentes actividades.

Amais do sinalado anteriormente, inculcaránselle aos alumnos/as valores como:

Respetar aos compañeiros por razón de sexo, raza, relixión ou ideas políticas.

Prestar axuda aos demais sempre que estes o precisen.

Ter en conta os sentimentos dos/as compañeiros/as e actuar con empatía.

Respetar as normas de educación cos profesores e compañeiros.

Cuidar os materiais dos talleres, as pertenzas propias e as do entorno escolar.

Respetar a igualdade entre homes e mulleres.

Educar para a convivencia.

Posta en valor do patrimonio cultural de Galicia.

A lingua galega como instrumento básico de difusión da cultura de Galicia.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

As actividades previstas durante o curso escolar, sempre que sexan dentro dos acordos establecidos no centro integrado e poidan levarse a cabo no desenvolvemento da programación.

A temporización repartirase nos tres trimestres dependendo das dispoñibilidades orzamentarias e da programación.

1. Actividades complementarias;

- Visitas a empresas do sector.

- Visitas a exposicións, museos e feiras para enterder diferentes criterios estéticos.

- Asistencia a ponencias e charlas relacionadas co sector.

2. Actividades extraescolares;

- Apoiar o magosto

- Realizar traxes para disfrazarse no antroido

- Realizar un traballo para expoñer no Samaiñ

- Realizar un traballo para o Día Das Letras Galegas

- E todas aquelas actividades que xurdan ao longo do curso, sempre que o presuposto do ciclo o poida asumir e sempre que sexa autorizado polo Consello Social

10. Outros apartados

10.1) Confección de artigos téxtiles para decoración e o fogar

Neste módulo formativo o que se pretende é dotar ao alumnado dos coñecementos básicos para confeccionar artigos de decoración cosendo a man e a máquina, así como tamén as técnicas de iniciativa emprendedora; que o alumno adquira uns coñecementos básicos que o posibilite para ser axudante nun taller téxtil, de arranxos de prendas ou nunha tenda/taller de artigos téxtiles de decoración